




3° ENCONTRO DENTRO—FORA
ARTE CONTEMPORÁNEA EN GALICIA

18DEC. 2025

O programa de residencias artísticas do Centro de Arte FMJJ, en colaboración coa Universidade da Coruña a través de NORMAL. Espazo de Intervención Cultural, artéllase como un espazo para fortalecer o ecosistema cultural e ampliar as súas conexións con artistas vinculados ao territorio, tanto de Galicia como de fóra dela.

Cada edición concíbese como un espazo de encontro e construción de redes, onde artistas, institucións e comunidades se cruzan, intercambian procesos e visibilizan prácticas que, na súa diversidade, revelan novas posibilidades de colaboración, investigación e experimentación en Galicia. Este encontro é tamén unha plataforma para presentar as intervencións culturais, medioambientais, sociais ou simbólicas desenvolvidas, a fin de promover a reflexión crítica sobre a creación artística contemporánea e a súa relación cos contextos nos que se leva a cabo.

Nesta III edición do Encontro Dentro—Fóra. Arte Contemporánea en Galicia preséntanse os proxectos desenvolvidos na edición anterior —Fermín Jiménez Landa e Blanca Gracia (con Faia Díaz)— xunto cos procesos en curso das persoas residentes actuais —Ibon Aranberri e Raphael Escobar—. Alén das presentacións individuais, o programa propón un marco para dialogar sobre territorios, ruralidades, memoria, arquivo, creación colectiva, afectos e transformación social.

MAÑÁ

11:00 - 11:15

Presentación
III Encontro Dentro—Fóra.
Arte Contemporánea
en Galicia

A cargo de **Cristina Naya**, vicerreitora de Cultura da Universidade da Coruña, e **Susana González**, directora do Centro de Arte FMJJ.

11:15 - 12:00

Raphael Escobar —
Visita ao obradoiro
O coro de sons

Raphael Escobar converte a arte nun acto de xustiza social: a través de intervencións, educación non formal e creación colectiva, dignifica persoas invisibilizadas de barrios populares, persoas sen fogar, usuarios de drogas e comunidades periféricas, esvaecendo os límites entre a institución artística e a vida cotiá.

Tras un proceso de investigación na Coruña, inicia un proxecto colaborativo invitando persoas traballadoras de sectores habitualmente subalternos (limpeza, hostalaría, mantemento, construción...) a conformar un coro de asubíos e cantaruxadas, resignificando os seus ritmos, traballos e corpos como parte dunha performance comunitaria.

PROGRAMA

12:00 - 12:30

Pausa café

MAÑÁ

12:30 - 13:15

Ibon Aranberri —
Visita ao obradoiro
A trama rururbana

Ibon Aranberri retoma a súa investigación sobre a zona montañosa oriental de Galicia —desde o 2007— coa intención de revisar os arquivos e as localizacións orixinais para comprender as dinámicas contemporáneas entre o rural e o urbano, así como a relación entre quen habita o territorio e a súa propia experiencia en dous tempos distintos. Con isto, propón unha reflexión crítica que integra historia, arquivo e espazo en diálogo.

O proxecto pon de relevo este carácter revisitado da súa obra: moitos dos seus traballos son concibidos como procesos abertos que se reactivan baixo unha nova perspectiva. Neste sentido, recuperar *A trama rururbana*, un proxecto inicialmente concibido para desenvolverse en Galicia en colaboración co CGAC e posteriormente abandonado, implica avaliar de novo a súa formulación, reabrindo a posibilidade de artellar outro tipo de conversa vinculada á memoria, ao territorio e ao cambio social e institucional no momento presente.

13:15 - 14:00

Fermín Jiménez Landa —
Visita ao obradoiro
Arder a auga

Partindo da experimentación con elementos desenvolvidos a partir de cunchas de moluscos e do acompañamento da profesora Belén González Fonteboa, catedrática da Facultade de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da UDC, Arder o auga reflexiona sobre a industria conserveira galega, os ciclos de residuos mariños e a capacidade da arte para intervir nos procesos materiais.

14:00 - 16:00

Xantar

PROGRAMA

TARDE

16:00 - 17:00

Conversa / Debate

Coa participación de **Ángel Calvo Ulloa** e **Marta Mestre**, comisarios e integrantes do comité de selección, xunto con **Susana González**. A conversa invita o público asistente a debater de maneira crítica sobre o estado da cuestión.

O espazo procura activar un diálogo horizontal que permita contrastar perspectivas e ampliar o marco conceptual e operativo da creación artística en Galicia.

17:00 - 17:45

Blanca Gracia [CON Faia Díaz]
— *Egua nocturna*

O proxecto explora a figura feminina como nutriz e transmisora de memoria, entrelazando maternidade, corpo, mitoloxía e imaxinarios afectivos desde unha perspectiva contemporánea. A proposta fusiona animación experimental con tradición oral galega (nanas e romances).

PROGRAMA

17:45 - 18:30

Traslado ao Conservatorio Superior

TARDE

18:30 - 19:15

Performance
Raphael Escobar —
O coro de sons

No Conservatorio Superior de Música da Coruña. *Performance* colectiva que parte da creación dun coro de asubíos e cantaruxadas con persoas traballadoras convocadas mediante carteis situados en zonas de tránsito laboral (porto, refinaría, estacións, etc.). A participación retribúese mediante unha bolsa, grazas á redistribución dos honorarios de produción do artista, situando a colaboración e a comunidade no centro do proxecto. A proposta non é só artística, senón tamén política e social: ofrece unha oportunidade de visibilidade, retribución e cuestionamento das xerarquías culturais, dando voz a persoas traballadoras habitualmente excluídas do círculo artístico institucional.

PROGRAMA

Lugar

¹ **NORMAL**
Espazo de Intervención
Cultural [UDC]

² **Conservatorio**
Superior de Música
da Coruña

Data

18—12—2025

Horario

11:00h. — 19:15h.

**Centro
de Arte
FMJJ**

NORMAL